



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>PS2</b>
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus sylvestris</i> L., aplicable a formacións mixtas con outros piñeiros ou frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Madeira técnica a quenda curta con persistencia do piñeiral.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Tódolos distritos forestais das provincias de Lugo e Ourense, Distritos XVI e XVII (Pontevedra). Montes con calidades de estación relativamente altas (>15 m de altura dominante a los 40 años), poboados con rodais de diámetros homoxéneos.	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Marco e densidade de plantación	As determinadas pola densidade de plantación empregada e as intervencións de rarea aplicadas, en xeral na contorna de 500 pés/ha a unha idade de 40-50 anos. No caso xeral de que o modelo silvícola comece a aplicarse en masas con escasos tratamentos previos, as densidades atopadas aos 40-50 anos poden ser superiores, de 700 a 1.000 pés/ha. Obrigatoriedade de manter as franxas de uso exclusivo de frondosas autóctonas e as distancias mínimas establecidas na lexislación vixente.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Mantemento mecanizado (se é posible) entre filas de plantación e manual nas plantas, repetidos polo menos cada 5 anos ata a primeira poda. Rozas perimetrais de prevención de incendios. Posible mantemento con gando, con roza previa da matogueira se é necesario, cargas de 0,2 vacas ou 0,3 cabalos/ha. Aboado de implantación recomendado (N,P,K), baixo en nitróxeno, granulado soluble ou de liberación gradual, aplicación conforme ao tipo de abono empregado.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Podas	Poda baixa (2,5-3 m) cando o diámetro normal medio é de 10 cm, sobre arboredo de 15-17 anos e 6-8 m de altura, con roza previa por faixas e trituración posterior de restos.
Desmestas	Unha desmesta en rexenerados naturais antes dos 5 anos, mecanizado por faixas se é posible, ata deixar a densidade desexada. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, espaxado ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entreliñas.
Rareas	Primeira rarea aos 25 anos, extracción de 550-600 pés/ha, semisistemática. Aproveitamento de madeira para taboleiro ou pelet. Produción de 50 m <sup>3</sup> /ha, diámetro extraído d <sub>e</sub> >14 cm. Segunda rarea aos 35 anos, extracción de 300 pés/ha, volume extraído V <sub>e</sub> =70 m <sup>3</sup> /ha, con d <sub>e</sub> de 18 cm. Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con outros piñeiros, seleccionar como individuos a extraer aqueles con menor adaptación á estación. Cando menos deixar entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración (dependendo da calidade de estación).





<b>CORTA FINAL DE REXENERACIÓN</b>	
Idade de corta	<p>A quenda de 45-50 anos, quenda tecnolóxica con diámetros obxectivo de 30 a 32 cm (madeira técnica). Densidade en corta final duns 500 pés/ha, aproveitándose 300 m<sup>3</sup>/ha. Volume unitario de 0,6-0,7 m<sup>3</sup>/árbore. Intervención previa á quenda de máxima renda en especie, que é de 70-75 anos en IS=18, sacrificio de cortabilidade estímase inferior ao 10%.</p> <p>Posibilidade de alonga a quenda se a evolución do prezo da madeira grossa así o aconsella.</p>
Métodos de corta	<p>Cortas en bosquetes de 3-4 ha, descontinuas e con cortas intermitentes. Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente.</p> <p>Aproveitarase a rexeneración avanzada ou a que derive das cortas, replantando tras dous anos necesariamente se non se obtén rexeneración natural debido á reducida idade do arboredo (situación previsiblemente máis frecuente).</p> <p>Na rexeneración buscarase unha densidade de 1.500 pés/ha de plantas xa establecidas (&gt;1,3 m de altura) ben distribuídas.</p>

